

- 14818 - 11440 (10/PRE-004861)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do incremento do número de prazas públicas na escola infantil de Viana do Bolo, do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar, ata cubrir a demanda existente, e o centro de educación infantil elixido para os nenos que se atopan en lista de espera nesa escola, así como os datos referidos aos nenos nados no concello que se están a desprazar na actualidade a centros doutros municipios da comarca

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2017

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.3. Asuntos económicos e contratación

Resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia, do 29 de agosto de 2017, pola que se anuncia a formalización do contrato administrativo para a subministración de gas natural ao Parlamento de Galicia

En cumprimento do disposto no artigo 154 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, publícase o anuncio da formalización deste contrato administrativo.

1. Entidade adxudicadora: Mesa do Parlamento de Galicia.

a) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Persoal e Réxime Interior.

b) Número de expediente: SRI-PA-4/2017.

c) Enderezo de internet do perfil do contratante: www.parlamentodegalicia.gal.

2. Obxecto do contrato:

a) Tipo: de subministración

b) Descrición: subministración de gas natural.

c) CPV: 09123000 - Gas natural.

d) Medio de publicación do anuncio de licitación: *Diario Oficial da Galicia*.

e) Data de publicación do anuncio de licitación: 27 de abril de 2017.

3. Tramitación e procedemento:

a) Tramitación: ordinaria.

b) Procedemento: aberto.

4. Valor estimado do contrato: 100.000,00 €

5. Orzamento base de licitación:

Importe neto: 50.000,00 €.

Importe total: 60.500,00 €.

6. Formalización do contrato:

- a) Data de adxudicación: 4 de xullo de 2017.
- b) Data de formalización do contrato: 21 de xullo de 2017.
- c) Contratista: Multienergía Verde, S.L.
- d) Importe de adxudicación:
Termo fixo: 80,97 €/mes.
Termo enerxía ou variable: 0,037651 €/kWh, sendo:
Coeficiente A: 0,005300.
Coeficiente B: 0,000271.
Coeficiente C: 0,016400.
Alugueiro equipo de medida: 4,85 €/mes.
- e) Vantaxes da oferta adxudicataria: oferta económica máis vantaxosa.

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2017.

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

Resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia, do 29 de agosto de 2017, pola que se anuncia a formalización do contrato administrativo para a implantación dun sistema de xestión de seguridade da información, un servizo de correlación de eventos, un servizo de alerta temperá, a realización dunha auditoría de seguridade e a adecuación ao Esquema Nacional de Seguridade para a Administración do Parlamento de Galicia

En cumprimento do disposto no artigo 154 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, publícase o anuncio da formalización deste contrato administrativo.

1. Entidade adxudicadora: Mesa do Parlamento de Galicia.

- a) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Persoal e Réxime Interior.
- b) Número de expediente: STI-PA-2/2017.
- c) Enderezo de internet do perfil do contratante: www.parlamentodegalicia.gal.

2. Obxecto do contrato:

- a) Tipo: servizos
- b) Descrición: implantación dun sistema de xestión de seguridade da información, un servizo de correlación de eventos, un servizo de alerta temperá, a realización dunha auditoría de seguridade e a adecuación ao Esquema Nacional de Seguridade.
- c) CPV: 72000000-5 Servizos TI: consultoría, desenvolvemento de software, Internet e apoio.
- d) Medio de publicación do anuncio de licitación: *Diario Oficial da Galicia*.
- e) Data de publicación do anuncio de licitación: 4 de abril de 2017.

3. Tramitación e procedemento:

- a) Tramitación: ordinaria.
- b) Procedemento: aberto.

4. Valor estimado do contrato: 147.000,00 €